



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO ABRE O PRAZO DE SOLICITUDE PARA AS AXUDAS DO PROGRAMA *REMATE EXTERIOR DAS VIVENDA* NO MEDIO RURAL ATA O 31 DE AGOSTO

- ***A Consellería dedica unha partida de 1,5 millóns de euros en 2007 a este programa, 500.000 € máis que en 2006***
- ***A contía das axudas pode acadar os 6.000 €, o que supón un incremento do 50% respecto ao ano pasado***
- ***Estas axudas van dirixidas a persoas ou familias cunha renda que non supere os 1.200 € mensuais***

Santiago de Compostela, 19 xuño 2007.- A Consellería de Vivenda e Solo, que dirixe a nacionalista Teresa Táboas, abre o prazo de solicitude para as axudas do programa *Remate Exterior das Vivendas* no medio rural. O prazo permanecerá aberto desde mañá, 20 de xuño, ata o 31 de agosto. A Consellería ten reservada unha partida de 1,5 millóns de euros en 2007 para estas axudas, 500.000 € máis que en 2006, o que beneficiará como mínimo a 250 vivendas, se obtiveran a contía máxima da subvención.

A subvención é o equivalente ao 30% do custe da obra realizada cun importe máximo de 6.000 €, segundo a modificación do decreto 64/2006 que regula este programa, o que supuxo un incremento do 50% respecto do ano 2006.

Estas axudas van dirixidas a persoas ou familias cunha renda que non supere os 1.200 € mensuais, 2,5 veces o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), que precisen rematar a súa vivenda unifamiliar situada no medio rural. A modificación do decreto tamén supón que non se esixirá, como ata agora, que a vivenda obxecto das obras teña menos de 15 anos. Sí será imprescindible que a vivenda conte coa licenza municipal de obra e debe ter os paramentos exteriores e a carpintería exterior completa.

As obras de remate exterior da vivenda deberán cumprir uns parámetros de calidade que pasan por respectar as formas, materiais e cores tradicionais na zona, de forma que quedan excluídos e prohibidos os materiais inadecuados podendo ser obxecto de denegación da subvención. As actuacións obxecto de subvención son por exemplo a colocación e limpeza de pedra nas fachadas, limpeza e pintura das fachadas, colocación de tella ou lousa no tellado ou renovación de elementos de evacuación de augas pluviais como canalóns e baixantes.

As solicitudes deberán presentarse nas delegacións provinciais da Consellería de Vivenda e Solo no prazo establecido e segundo o impreso correspondente, que se pode recoller nas propias delegacións ou descargar da páxina web www.conselleriavivenda.xunta.es, acompañado dunha serie de documentación. A Consellería deberá facer a tramitación e conceder ou denegar a axuda no prazo máximo de 3 meses desde a data de presentación da solicitude. Unha vez concluídas as obras, o beneficiario disporá de 15 días para remitir á Delegación Provincial correspondente un escrito comunicando o remate das obras e fotografías que mostren as actuacións realizadas.



A documentación que deberá acompañar ao impreso de solicitude é a seguinte: fotocopia compulsada do DNI ou NIF, certificado do estado de construción da vivenda e memoria descritiva das obras que se pretenden realizar ambos asinados por un técnico competente na materia, licenza municipal de obras, plano e certificado municipal da situación da vivenda, fotografías actuais das fachadas, declaración da renda ou declaración responsable de ingresos, declaración do conxunto das subvencións solicitadas ou concedidas polas diferentes Administracións para este fin, e por último acreditación da composición familiar.

Frear o deterioro

A Consellería de Vivenda e Solo puxo en marcha no 2006 esta liña de axudas dirixida ao *Remate Exterior das Vivendas* unifamiliares no medio rural con dous obxectivos claros, por unha banda contribuír a mellorar a calidade de vida dos cidadáns, de forma que ningunha familia deixe de rematar a súa casa por falla de recursos económicos. Por outra banda, contribuír a frear o deterioro e o impacto sobre o territorio que provocan as vivendas inacabadas espalladas por todo o país, fomentando a calidade construtiva das vivendas.